

# A MIN DÉRONME ESTE ENDEREZO

Autoría: grupo SPASMO 1995/96

Adaptación ao século XXI: Mariña Río Mallo

SPASMO 2018/19

AMELIA  
SANCHA  
SANCHA  
SANCHA  
SANCHA  
BUTANEIRO  
CELIA  
MONCHA  
HORTENSIA  
DONATO  
DONATA  
PEDRIÑO  
PILI  
ROSA  
AMPARO  
MARÍA  
XULIA  
ALUMNA SANTO TOMÉ  
ALUMNA SANTA IRENE

Yaiza  
Hugo  
Sara  
Álex  
Hani  
Elena  
Mariana  
Ale  
Noa  
Álex  
Mariana  
Sergio  
Ale  
Sergio  
Álex  
Hugo  
Sara  
Elena  
Noa



Andrés Vila e o grupo SPASMO en 1996, quizais despois dun ensaio de "A min déronme este enderezo".  
Graciñas de parte de todo o grupo de 2019.

*Amelia, a señora, acaba de entrar no salón e ponse a revisar uns papeis. Segundos despois, aparece pola porta da rúa Sancha cunha bolsa de pan e unha carta na man.*

**SANCHA:** Señora, señora, chegou carta dun tal Pedro!

**AMELIA:** Pedro? Eu non coñezo a ningún Pedro.

**SANCHA:** Pois está dirixida a vostede.

**AMELIA:** Ah! Non será Pedro Espiñas?

**SANCHA:** Pois si, señora.

**AMELIA:** Pois se é do pesado ese, o mellor é que tires con ela. *(Estende a man para que lle de a carta.)*

**SANCHA:** Non señora, primeiro déixeme ver o que di. *(En vez de entregarlle a carta, entrégalle a bolsa do pan.)*

**AMELIA:** *(Deixa a bolsa do pan na mesiña e volve revisar uns papeis).* Se fose outro! Pero ese ghichiño de metro e medio...

**SANCHA:** Carai señora, pois eu con menos confórmome.

**AMELIA:** *(Intenta quitarlle a carta, pero desiste.)* Anda, anda, déixame ver.

**SANCHA:** *(Non lle entrega a carta eponse a ler).* Xa me imaxino eu como será este Pedriño... pero que digo! Este Pedrazo! "Se puideras comprender a necesidade de amor que teño nestes momentos da miña vida..." Que profundo!!! "...serías menos borde do que es xeralmente" Hahaha, que gracia señora. Chámalle borde! Creo que me ía levar ben con el.

**AMELIA:** Sancha, non che consinto que leas unha carta dirixida a min, e máis se é de carácter íntimo.

**SANCHA:** Vaia, así que de carácter íntimo, quen o ía dicir... un noivo da señora!

**AMELIA:** Si, unha gran cousa, non tiñas máis que coñecelo. *(Recordando.)* Ademais, non foron máis que tolerías de adolescentes...

**SANCHA:** Pois xa quixera eu tolerías desas.

**AMELIA:** Veña Sancha, déixate de parvadas e dáme esa carta. *(Vendo que non lle fai caso e se dispón a seguir lendo, decide pasar dela).*

**SANCHA:** "A soidade da cela trá eme recordos imborrables!" Pero señora, se está no cárcere! Xa o teño, é un deses presos políticos, xa dicía eu que vostede non podía andar con xente moi normal.

**SEÑORA:** Non é ningún preso político, é sinxelamente... un chourizo. Era moi coñecido no barrio, chamábanlle "O sucursais".

**SANCHA:** Pois vaia coa señora... Así que... metro e medio... de chourizo! *(Facendo un xesto obsceno).*

**AMELIA:** Sancha, queres deixar de facer o animal e poñerte a traballar?!

**SANCHA:** *(Continúa lendo)* "Penso en cando éramos uns chavais e a policía antichourizos corríanos polas rúas. Recordas aquel día que nos achantamos nun portal? Segues estando tan boa? Recordo a primeira vez que te vin espida, non o podía crer, que par de...!" Vaia, vaia!! Carallo coa señora! Non deixa vostede de sorprendeme. Unha así pérdelle o respecto, despois non me veña con historias cando me nego a fregar a louza.

**AMELIA:** *(Moi cabreada).* Xa está ben, Sancha! Dáme esa carta agora mesmo e tráeme o café, sabes moi ben que tiña que estar en Peinador fai dez minutos.

**SANCHA:** Tranquila señora, Carmen Sevilla non se vai enfadar por ter que esperala, xa sabe que é moi boa.

**AMELIA:** Es unha impertinente, e tesme farta, máis que farta. Pecha a boca dunha vez, recolle a bolsa do pan, e métete na cociña a traballar.

**SANCHA:** *(Mentres recolle a bolsa e se dirixe á cociña, vai rosmando para ela).* Tamén eu estou farta, unha mátase a traballar por catro pesos, e mira como llo agradecen. O que hai que facer é darse a respectar. Ese Pedro non será ningún político, pero eu si que vou a ser a gran sindicalista liberadora das criadas explotadas por periodistas que teñen que ir a Peinador a facerlle unha entrevista a Carmen Sevilla! *(Dirixíndose a ela).* Señora! Vou montar un sindicato radical... **RADICALÍSIMO!**

**AMELIA:** *(Mentres follea os papeis que ten na man, e sen facerlle moito caso).* Radicalísimo... vindo de ti non me estraña, porque radical non sei se o es, pero esaxerada... *(Mirando a Sancha)* Mira que botarlle sal a unha tapa de xamón... como se che ocorre!?

**SANCHA:** Fíxeno por vostede, para que bebese moito. Ou cre que non sei canto lle gusta o Albariño que lle regalou o solteirón do primeiro? Que por certo, entereime na

tenda que estivo liado cunha muller máis vella ca el. Debe de ser polo gordo que está, porque eu vin gordos, pero coma ese... E ademais...

**AMELIA:** (*Cortándoa*) Que si, Sancha, que si! A min iso non me interesa!

**SANCHA:** Peor para vostede (*Esquecéndose do café, e deixando de novo a bolsa do pan na mesiña, ponse a ler de novo na carta*). "Por certo, un que controla de leis, díxome que podo conseguir a liberdade baixo fianza. Como non me pillarón e teño achantada a pasta, igual che digo onde está para que me saques de aquí. Aínda que non sei, ti es un pouco fillaputa e ó mellor déixasme sen un peso... xa veremos." Como a min, que traballo todo o mes como unha tola e tenme sen un duro! RADICALÍSIMO, vai ser RADICALÍSIMO.

**AMELIA:** Non digas parvadas Sancha, eu págoche todos os meses.

**SANCHA:** Si, pero o que me paga so me dura unha semana.

**AMELIA:** Se non pasaras o día no bar de abaixo metendo os cartos na máquina tragaperras, os cartos duraríanche máis dunha semana, e inda por riba farías os traballos da casa.

**SANCHA:** (*Indignada*). Por riba de que me busco un sobresoldo, aínda se atreve a criticarme.

**AMELIA:** Non serás tan inxenua como para crer que lle gañas cartos a esas máquinas.

**SANCHA:** Inxenua? Que va! O que pasa é que teño moita sorte, non hai mes que non lle quite un premio de cinco mil. Ademais... está o da emoción, non é o mesmo gañar un soldo a base de moitísimo sacrificio que un premio de cinco mil na máquina. Que cinco mil! Saben a gloria!

**AMELIA:** Está ben, prefires cinco mil con emoción que o soldo, pero fai algo por gañalo e tráeme o café, que o fin e o cabo é o que che permite emocionarte.

**SANCHA:** Ai! Que pesadiña é! Xa vou, non se preocupe. *(Ponse de novo a ler)*. "Aquí, isto é un cristo tía. Somos un mogollón de xente e case non cabemos. O outro día fixemos un motín, foi de película: a pasma de un lado para outro, os funcionarios prometéndonos cousas, e nós facendo a fogueira de San Xoá n... Caralludo! O dá menos pensado amotínanse con nos os políticos corruptos presos, oe que basca, eses si que son serios, con eles nos motíns dannon incluso cigalas". No cárcere é onde tiña que estar eu, e non aquí de escrava, no cárcere! Que vidorra! *(Volve coa carta. Esta vez, le con máis emoción.)* "Nena, non deixo de pensar en ti, sei que son un pouco vagoneta, que pasei toda a vida sen dobrar un tirante, pero xú roche que en canto saia fago un par de traballiños, branqueo un par de sucursais e retírome, con esa pastizarra gansa poderei montar unha tenda de venda de cousas e casamos. Buscareite, nena. Non me queda moito aquí." *(Pausa na que queda pensativa.)* Moi ben, moi ben... Entre a tenda e o que lle pagan á señora no Faro de Vigo, xa poderei cobrarlle decentemente. Non quero nin pensalo, que luxo, nada de maquinias: Bingo! *(Entra Amelia)*. Ao bingo é onde poderei ir de agora en diante, que emoción! Levarei ese abrigo de pel que parece de rata morta, o que me deixara a miña avoa.

**AMELIA:** Pois se me traes o café, prométoche levalo á tinturería para que se saiba de que cor é.

**SANCHA:** Señora, mesmo parece que está vostede a chamarme porca, a min: unha fanática da limpeza, da orde, da lei e da patria... e tamén da honra ó soldado descoñecido. *(Remata moi erguida e satisfeita de si mesma)*

**AMELIA:** *(Suplicante)*. Deus bendito... Por favor, por favor, eu so quería que me trouxeras un pouquiño de café. Carmen Sevilla está a punto de chegar a Peinador, e sabes moi ben que se non lle fago a entrevista vou a ter problemas moi serios co meu xefe.

**SANCHA:** E por que non vai o seu xefe a facer a entrevista? Seillo eu moi ben: porque é un explotador, pero non se preocupe señora, que eu son moi radical e xa lle explicarei a vostede como facer con xente así, gordos e vellos que pasan o santo día detrás das secretarias ou saíndo a incharse de comidas de traballo.

**AMELIA:** O meu xefe non é nin gordo nin vello.

**SANCHA:** Pero paréceo, eu sei moi ben o que parece a xente.

**AMELIA:** Anda, tráeme tamén un Espidifen, que hoxe entre ti e Pedro tédesme a cabeza a punto de estoupar.

*Soa o timbre e Sancha sen facer caso da señora diríxese á porta e sae. Cando entra, aparece detrás dela o repartidor de butano.*



**SANCHA:** *(Dende fora)* É don Federico!

**AMELIA:** Moi ben!

**BUTANEIRO:** *(A Sancha, no quicio da porta)* Guapaaaaaaa!

**SANCHA:** *(Moi coqueta)* Bo día señor butaneiro, como lle vai? Así que viu a facernos unha visita...

**BUTANEIRO:** Eu por unha muller como ti *(Sinala a Sancha ao longo de todo o corpo con estilo macarra-toureiro)* son capaz de subir un camión cisterna sen ascensor.

**SANCHA:** Ai! Que simpático é vostede, sempre tan tolo... e tan forte...

*(Cando están a piques de bicarse, aparece Celia, a veciña do lado, manexando alegremente un butatrás. Ao entrar, empurra e separa aos dous que estaban na porta tonteando.)*

**CELIA:** Forza! Para que se precisa forza!? Vivides no século pasado, o que fai falla é estar ao día, tecnoloxía, tecnoloxía, iso é o que se precisa!

*(Colle a bombona de butano, colócaa no butatrans e comeza a pasearse polo salón. Sancha e o butaneiro, vanse para a cociña moi acaramelados).*

*Dúas escenas en paralelo: no salón, Amelia e Celia; na cociña sen que se lles escoite falar, Sancha e o Butaneiro.*

**AMELIA:** Pero Celia, ti toleaches! Que fas xogando con esa botella de gas?

**CELIA:** Butatrás, tecnoloxía, progreso, este é o mundo do futuro. Tarataa-tata-tataaa *(Baila co butatrás a remolque mentres tararea).*

**AMELIA:** Pero Celia por deus, ti tamén! Ídesme volver tola! Mira, perdoa pero teño traballo, así que leva esa botella á cociña se non che importa, e xa me explicarás o futuro máis tarde.

**CELIA:** Butatrás, o futuro directo da NASA. Non máis costas rotas, non máis columnas retorcidas, saúde e alegría! Tarataa-tata-tataaa *(Volve bailar co butatrás a remolque mentres tararea).*

**AMELIA:** Si, si, é impresionante, estou completísimamente de acordo contigo, pero agora tesme que perdoar, tiña unha entrevista hai vinte minutos e non podo atenderte.

**CELIA:** Ademais é aerodinámico, fíxate que velocidade alcanza. *(Cruza o salón dunha carreira).*

**AMELIA:** Por deus, a miña cabeza... Sancha, o Espidifen! (*Sancha, que está a falar co butaneiro, non a escoita*).

**CELIA:** Esta máquina é boa... (*Dubida*) ... ata para o fígado! Estou segura! Xa ves, é boa para a columna, o lombo, fígado, riles, xeonllos, estómago, colesterol, infartos, cancro de gorxa, de pulmón, e que máis sei eu... e o tempo que se aforra, non o sabes ti ben, e hoxe que non temos tempo para nada, resulta fundamental.

**AMELIA:** Pois tempo a ti parece que che sobra.

**CELIA:** Xa está ben de andar coas bombonas arrastro, modernícense! Compren butatrás! (*Fala coma se fose un slogan*). Ademais está o do parqué, non podemos seguir a rallar no parqué, non señor. E que me dis dos veciños? Todo o santo día dicindo: (*Cascarabias*) "Estes cabróns de arriba xa están cambiando a bombona de butano outra vez, sempre cambiando a botella de butano, non sei que lle fan, parece que o comen. Onde vai ir este país!"

**AMELIA:** O país non sei a onde irá, pero eu, tan pronto te vaias, vístome e a Peinador. Hai media hora que tiña que estar alí!

**CELIA:** (*Moi sorprendida*) Ah!!! E non avisas!! Ti pareces parva! Nada, levo isto á cociña e marcho para o sexto. Creo que Pili pediu onte o gas, voulle ensinar o butatrás!

*Amelia marcha a vestirse, Celia entra na cociña e coloca a bombona, mentres sucede a escena entre Sancha e o Butaneiro.*

**BUTANEIRO:** *(Moi macarra)* Vaia, vaia, cacho café que ti fas. Se o Celta metese tantos goles como ti es capaz de emocionarme a jarjantiña, este mundo sería un folclore enriba de dúas brasileiras.

**SANCHA:** Carai, que forte... Así que ti es capaz de subir a bombona esta sen ascensor.

**BUTANEIRO:** Eu son tan home como para poñerme unhas zapatillas diante da mismísima Belloncé. Non é nada!

**SANCHA:** Sempre souben que ti ías chegar moi lonxe.

**BUTANEIRO:** Lonxe? Nas nubes é onde ti me tes neste momento, Sancha.

**SANCHA:** *(Coqueta)* Pois baixa dunha vez, non te vaias facer dano.

**BUTANEIRO:** *(Sorprendido)* Dano? *(Dáse un golpe ridículo coa man na testa).* Pois non coñezo eu o significado da palabra esa, e eu algo de cultura aínda teño, eh?

**SANCHA:** Pois faino por min, síntome tan soa!!

**BUTANEIRO:** Vale... Fareino por ti... Baixando! *(Agáchase facendo unha flexión)* Baixando! *(Repíteo varias veces. Despois, emociónase coa ximnasia comeza a facer distintos exercicios para lucirse diante de Sancha).*

**SANCHA:** Meu deus! Pero se tamén es un atleta!! Con tanto desgaste de enerxía terás que tomar moito mel. *(Busca o mel.)* Queres un pouco? Mira que cor, nin é branco coma o leite, nin vermello como o sangue, nin negro coma o piche, nin amarelo como... como a pintura amarela! É cor mel, da Granxa San Francisco.

**BUTANEIRO:** Mel? Pero se mel... son eu. (*Ofrecéndolle a man a Sancha.*)

**SANCHA:** (*Lámbelle a man a don Federico.*). Carai! Que rico... Agora tócache a ti probar o meu mel... (*Xírase para buscar unha culler. Federico parece sorprendido e excitado. Sancha da a volta e lle ofrece unha culler. Federico decepciónase.*) Eu sempre lle boto un pouco de azucre ao mel, así está moito mellor.

*Nese momento entra no salón Amelia, xa vestida. Escoitou a última frase.*

**AMELIA:** (*Imitando a Sancha*) "Radical? Radicalísima!!" Mira que botarlle azucre ó mel!

*Sancha, que a escoitou, asómase ó salón.*

**SANCHA:** Se vostede non para de **amargarme** a vida, que quere que lle faga? Unha ten que endulzala como poida! (*Vólvese de novo cara a cociña*). Xa ves, o que che dicía, se unha mesma non se fai respectar...

**BUTANEIRO:** Tranquila, que mentres eu estea aquí, como si lle botas azucre á sacarina.

**SANCHA:** (*Namorada perdida*). Ti tiñas que facer de heroe no cine, que gran artista serías. "MaxGas, o defensor das criadas explotadas por periodistas que teñen que ir a Peinador a facerlle unha entrevista a Carmen Sevilla e que se senten moi soas e necesitan dun home capaz de subir un camión cisterna sen ascensor."

**BUTANEIRO:** A verdade é que teño que recoñecelo, non hai máis que verme. En min dáse a dureza de Isabel Vicente; a forza de Patricia; a delicadeza de Almudena; a gracia de Gabino; a elegancia de Modesta; o bigote de Sindo; a beleza de Bernardino... Si, daría un gran artista, pero xa ves... o destino quixo que neste mundo eu me encargase da distribución da enerxía, e aquí estou.

**SANCHA:** E non tes por que preocuparte. Quizais sexa aínda máis importante a tarefa á que te destinou o teu destino que ningunha outra.

**BUTANEIRO:** Si, estou convencido diso. En fin! Marcho a cumprir co meu deber. Pili pediu onte o gas, e “MaxGas” nunca falla.

**SANCHA:** Non me gusta nada que vayas a casa desa... descarada. Claro que cun home así non me estraña, que horror, ese home pasa o día no bar. Eu ben o vexo: fíxate, hai días que eu chego alí as nove da mañá e non marcho ate as tres da tarde. Pois todo ese tempo alí o tes, sen rascar bola! Se polo menos xogase á máquina ou fixese algunha cousa, pero nada, todo o tempo de cháchara.

**BUTANEIRO:** Nena, non corro ningún perigo con Pili, aínda que ela me desvista coa mirada cada vez que subo a meterlle a miña bombona ata o fondo da cociña, eu nin me inmuto... Xa sabes o bo gusto que teño...

**SANCHA:** Claro que o sei, pero ela é tan harpía que non me quedo nada, pero que nada tranquila. Mellor vai ser que te acompañe eu. *(Saen os dous da cociña e Sancha diríxese a Amelia.)* Señora, teño que baixar de novo á tenda, esquecinme do pan.

**AMELIA:** Como que te esqueciches do pan. E logo que hai nesa bolsa? *(Sinala á bolsa do pan, que segue na mesiña.)*

**SANCHA:** Eh... é pan, pero está reseso señora, e non me gustaría que por un fallo meu, tivese que tomalo así.

**AMELIA:** Asi que... baixas pola mañá cedo para total, traer o pan de onte.

**SANCHA:** Precisamente foi por iso, era tan cedo que non tiñan pan de hoxe... Teño unha idea! Como aínda non hai pan fresco voulle pedir un anaco a Pili, que lle parece?

**AMELIA:** Moi ben. O que non sabía é que Pili facía ela o pan. (*Cambia de ton, fartouse de seguir a corrente a Sancha e ás súas mentiras.*) Veña, déixate de facer o parvo e tráeme o café, ou pensas que nacín onte!?

*Sancha retírase para a cociña protestando.*

**SANCHA:** (*Imitándoa*). Ou pensas que nacín onte, ou pensas que nacín onte...

**BUTANEIRO:** (*Despedíndose de Amelia*). Señora, a súa compañia é moi grata, pero reclámame o deber. Desexo sinceramente que goce do gas que tiven o pracer de servirle. Ata outro día.

**AMELIA:** Grazas Federico, ata outro día.

*Chaman de novo á porta.*

**AMELIA:** Sancha, vai abrir!

**SANCHA:** *(Atravesando o salón)* ...ou pensas que nacín onte, ou pensas que nacín onte... Que teño que pensar eu! Tanto sacrificio para isto. *(Abre a porta e aparecen dúas vellas, a SRA. MONCHA e a SRA. HORTENSIA.)* Bos días, señoras! Como andan? Pasen, pasen.

**SRA. HORTENSIA:** Bo día Sancha. Aquí me tes, con esta papainas, a ver se Amelia lle toma a tensión.

**SANCHA:** Como non señora Hortensia, agora mesmo a señora non está nada ocupada. Entren sen medo.

**SRA. HORTENSIA:** Veña, langrana, pasa ti diante, senón es capaz de perderte polo camiño.

**SRA. MONCHA:** Se non foses tres anos mais nova ca min, xa te rirías, xa.

**AMELIA:** Veña, veña, non discutan.

**SANCHA:** Non discuten, señora. O que pasa é que a señora Moncha non debe de ver moi ben. Onte a pobriña buscaba o ascensor no bar de abaixo!

**AMELIA:** Pois non sei quen será máis miope: ela buscando o ascensor ou ti buscando o sobresoldo.



**SRA. HORTENSIA:** *(A Amelia)* Así que Sancha tamén lle fai horas no bar.

**AMELIA:** Si señora Hortensia, faille máis horas que aquí.

**SRA. HORTENSIA:** Pois mira... Paréceme moi ben, hoxe en día... Ai que vivir!

**SRA. MONCHA:** E o que costa vivir, díganmo a min, ás veces penso que xa me chegou a hora.

**AMELIA:** Non diga parvadas, se parece vostede unha chavaliña. Pero... xa que falamos das horas, a min si que me chegou, tiña que estar traballando xa. Tómolle a tensión nun minuto e marchó, se non lles importa.

**SRA. MONCHA:** Tome, tome, se é que pode. Eu polo menos non a sinto, ás veces penso que xa me chegou a hora.

**SRA. HORTENSIA:** E dálle coa hora, a hora! Síntala ou non, dende que nos casamos non pensas noutra cousa, pero xa che dixen que ata que nos vaiamos para a cama, nada de hora! Os vicios extras son pecado. Pregúntallo a Don Raimundo.

**AMELIA:** Veña, veña, non discutan.

**SANCHA:** Non discuten, señora. O que pasa é que a Señora Moncha, así como a ve, élle moi perigosa. Ven recordo cando hai anos, gardaba no bolso os lentes para chamar na casa de Pili e dicir que se equivocara.

**AMELIA:** Sancha, por favor. Non lées máis as cousas, ben sabes a presa que teño.

**SANCHA:** Aínda por riba de ser sincera; o que teño que aturar.

**SRA. HORTENSIA:** Así que, cacho langrana, chamando na casa desa lurpia! Xa dicía eu que de ti non me podía fiar.

**SRA. MONCHA:** Xúroche que nunca chamei nesa porta, polo menos que eu me dese de conta. Sancha engánase con Agustín, o gordo do primeiro, ese si que ía case tódolos días.

**SANCHA:** Que me vou a equivocar! Ben sei que Agustín ía máis veces que vostede, pero señora Moncha, o seu chegáballe ben. Tamén recordo velas ás dúas xuntiñas saír de... *(non pode continuar porque Amelia a interrompe)*.

**AMELIA:** *(Collendo do brazo a Sancha e meténdoa na cociña. Non empeza a falar ata que están as dúas na cociña.)* Ti parece que estás disposta a volverme tola! Pero non penso consentircho! Ponte inmediatamente a prepararme o café e queda caladiña polo resto do día.

**SANCHA:** *(Moi molesta pola bronca.)* Pois saiba a señora que xa non queda máis café.

**AMELIA:** Como que non queda café?? Hai un pouco estabas a facelo!!

**SANCHA:** Si! Pero tomouno todo Don Federico.

**AMELIA:** *(Intentando calmarse.)* Está ben... está ben.... vale... de acordo... Tomareino fora, pero ti desaparéceme de diante. Toma, mil pesetas. Baixa a xogar á maquina, por favor.

**SANCHA:** Ai!! Moitas grazas señora, sempre dixeran que non había mellor xefa que vostede! Pode preguntalo no barrio!

*(Saen as dúas da cociña, e mentres Sancha se vai á rúa, Amelia dispónse con moita presa, a tomarlle a tensión á SRA. MONCHA. As vellas estiveron discutindo todo este momento, e cando Amelia entra no salón fíxase en que está cada unha nunha punta da habitación.)*

**AMELIA:** Ben, pois imos rapidiño que como lles dixen, teño moita presa. *(Fíxase na posición das vellas.)* Por que non están sentadas?

**SRA. HORTENSIA:** Xa ve Amelia, despois de tantos anos, voume enterar hoxe de que tiña unha sinvergónza na casa. Non sabe vostede a sorte que ten de estar solteira. Tamén eu preferiría ser unha solteirona coma vostede a ter que pasar por esta humillación. Esta si que é unha humillación! E non que os homes non lle fagan caso a unha!

**AMELIA:** Veña, veña, teño moita presa, que a súa muller sente aí, que rematamos nun momentinho. Moncha, por favor...

**SRA. MONCHA:** Eu non sento en ningún lado, non quero estar ó lado desta muller que non fai máis que insultarme. A min, que xamais vin para outra que non fose ela!

**SRA. HORTENSIA:** Ti o que es é unha gandula, unha badulaque, unha mullereira, unha vividora!...

**SRA. MONCHA:** Aquí a única vividora es ti, que pasaches toda a vida chupando a sopa boba, todo a conta do meu soldo. Eu traballando todo o santo día, e ti de cháchara na casa de Maruxa. Que nin a comida me tiñas feita cando chegaba do traballo... Vividora! Que es unha vividora!

**SRA. HORTENSIA:** Mira quen foi falar, a traballadora, a escrava! Do sillón da casa para o sillón da portería; do sillón da portería para a cadeira do bar; da cadeira do bar para o sillón da casa...

**SRA. MONCHA:** Polo menos gañaba o soldo!

**SRA. HORTENSIA:** Unha gran cousa, vivimos coma príncipes, o que pasa é que nos gustan moito as patacas viúvas.

**SRA. MONCHA:** Claro, ti es moi señorita e non podes comer calquera cousa, ti queres percebes todos os días, pero tamén podías ser tan señorita para outras cousas, e non so para comer. Por exemplo para lavar a roupa, ou para facer a cama.

**SRA. HORTENSIA:** Eu lavaríache a roupa se non cheirase a porco mollado, que é ao que cheiras ti, ou pensas que non teño a miña sensibilidade.

**SRA. MONCHA:** Non dicías iso cando casamos! E non me veñas con cheiros e sensibilidades, que ben te acurrucabas comigo na cama.

**SRA. HORTENSIA:** Porque antes aínda te coidabas, non como agora que te botaches a perder, cacho gandula! Deixada!

**AMELIA:** Xa está ben, non estou para perder o tempo. Señora Moncha, a súa tensión está subindo moito, será mellor que se deite na súa cama. Agora marchen e volvan a semana que ven.

**SRA. HORTENSIA:** Iso, ti dálle escusas para que non faga nada, moitas grazas! Eu marcho! *(Sae)*

**SRA. MONCHA:** Non a tomes con Amelia, que a culpa é túa! Eu voume ao bar. Talodiño!

*(Sae)*

*Amelia séntase no sofá, cansa.*

*Amelia, sentada no sofá, quizais descansando os ollos -dóelle moito a cabeza-, ou fochicando co móbil. De súpeto, sobresáltase co son do teléfono.*

*Soa o teléfono. Do susto, a Amelia cáelle o móbil ao chan. Cando o recupera, responde á chamada. “Diga? Quen é?”, pero o teléfono segue soando. Entón Amelia dáse conta de que o que soa é o teléfono fixo, e vai responder. Ó final da seguinte conversa, a veciña PILI decide baixar á casa de Amelia para facer un ensaio da entrevista para que a súa veciña vaia máis preparada.*

**AMELIA:** Si? (...) Ah, ola Pili, estou un pouco apurada... (...), si... (...) non... (...) non, non vou a por butano, é que teño que traballar. (...) Si, xa mo trouxo... (...) ata o fondo da cociña, si. (...) Que? (...) Ah, pois unha entrevista. (...) A... bueno, a unha famosa. (...) Non, non é moi famosa... ou si, supoño... é Carmen Sevilla. *(Aparta de golpe o auricular da orella polo berro de Pili)* (...) Nerviosa? Que va, un pouco agoniada, pero nerviosa non. É que, como che dicía, estou un pouco apurada, Pili, chamabas por algo importante? (...) QUE? NON! NON FAI FALTA PILI, ESTOU BEN PREPARADA!! (...) Non!! De verdade!! Pero... Pili!?? PILI?? *(Pili colgou. Amelia queda mirando ao aparato)*. Non, por favor... Non o podo crer! Teño que saír de aquí antes de que me interrompan de novo, por Deus!

*Amelia está por saír, pero o teléfono soa de novo. Vai correndo ata el e responde rapidamente pensando que é Pili de novo.*

*(Ao teléfono)* Pili, de verdade que non fai falla que baixes, faime caso!... Pili?... Es ti?... Oia?... Señor?..... Escoito a alguén respirar, quen é!?!.....OIA!?!....Para que chama se non di nada? Voulle colgar, teño moito que facer! *(Colga. Quédase mirando para o aparato ata que toma unha decisión:)* Diazepan! *(Sae decidida do salón)*

*Óese o tic-tac do reloxo. O salón está baleiro. Logo, o ruído dunhas chaves abrindo a porta de entrada da casa. É SANCHÁ, que chega moi contenta do bar de abaixo.*

**SANCHÁ:** *(Cantando e bailoteando.)* “Bingo, bingo... Bingo, bingo... Quero xogar ao bingo, quero xogar ao bingo, faime moi feliz, volvo a ser unha nena...” *(Chamando)* Señora!... Señora, xa estou na casa! *(Senta no sofá)* A súa querida escrava volve estar á súa disposición!... Señora!... Marcharía a Peinador? Teño a casa pra min soa? *(Pon os pés na mesa)*

*Soa o timbre.*

*(Imitando a Amelia)* “Sancha, vai abrir, ñiñiñi”. Xa vou! *(Abre a porta)* Boa tarde, señor, podo axudalo en algo?

*Entra PEDRIÑO ao salón, sen permiso. Mira para todas partes, parece apurado e nervioso. Busca a Amelia.*

**PEDRIÑO:** Busco a Mel, sei que vive aquí. Comprobeino.

**SANCHÁ:** Desculpe, pero non recordo dicirlle que podía pasar! E aquí non vive ninguén chamado Mel. Aquí o único mel que hai é o da Granxa de San Francisco. Que por certo, está moi rico cun pouco de azucre...

**PEDRIÑO:** *(Impaciente)* Non, idiota! Mel! Melia! AMELIA! Busco a Amelia!! Teño que falar con ela! Fai un momento chamei a este piso dende a cabina de abaixo para comprobar que vivía aquí. Que mudara de enderezo viume bastante mal... Pero estou seguro que é aquí, nunca confundiría a súa voz. Onde está? Teño que saber se leu a miña carta!

**SANCHA:** *(Ata que oíu a palabra carta non caeu na conta.)* PEDROOOOOOOO!!!  
Vostede é Pedriño!!!! Ai mimá!!! O sucursais !!!!!

*Escóitase de fondo a voz de Amelia, adurmiñada: Sancha, es ti?*

**PEDRIÑO:** *(Á vez)* MEL!

**SANCHA:** *(Á vez)* MERDA!!

*Durante os seguintes parlamentos SANCHA arrastra a PEDRIÑO por todo o salón para intentar levalo ata a porta.*

**PEDRIÑO:** Mel!!! Churrasco!!!

**SANCHA:** Non, non, non. Nin churrasco nin churrasca. A señora non quere saber nada de vostede, deixoumo ben clariño, e NON É NON!!

**PEDRIÑO:** Pero déixame en paz! So quero falar con ela! Teño que saber que opina da carta... Non sabes o que tiven que facer para saír do cárcere...

**SANCHA:** *(Histérica)* Ai, ai, ai, ai.....!!! Prométolle que intentarei convencela para que lle conteste, pero agora marche por onde entrou, pero eu non o vin na mia vida, eh?

*(Cando están cerca da porta, coa o timbre. Os dous quedan petrificados mirándose)*

**AMELIA:** *(Aparecendo na cociña, mentres os outros dous están no salón gardando silencio).* Creo que o calmante que tomei era para cabalos... *(Chamándoa)* Sanchaaaa, a porta!!

**SANCHA:** *(Con volume)* Enseguida, señora!

*Soa o timbre de novo. Sancha e Pedriño intentan buscar un agocho, e Sancha acaba meténdoo no reloxo. Logo vai abrir a porta, ó mesmo tempo que Amelia entra no salón cun café e senta no escritorio.*



**SANCHA:** *(Finxindo tranquilidade ao principio.)* Bos días, que desexan? Ai, ai, ai!!! Pero se son os da tele!!! Señora, señora, viñeron eses da tele e da forza para non sei que!

**DONATA:** Forza para vivir.

**DONATO:** Forza para vivir. *(Repite Donato, que mentres a muller fala, el asinte coa cabeza, dun xeito esaxerado e cun sorriso de orella a orella. Isto repetirase sempre)*

**AMELIA:** Pero de que forza me falas? Da forza de vontade, da forza bruta, ou de ese spray que usas ti cando se che ocorre limpar algo?

**DONATA:** Forza para vivir!

**DONATO:** Forza para vivir!

**AMELIA:** Pois esa forza non me soa de nada.

**DONATA:** Se vostede nos deixase pasar un momentinho, poderíamos explicarllo.

**DONATO:** Poderíamos explicarllo.

**AMELIA:** Non é posible. Teño que saír agora mesmo a facer unha entrevista.

**SANCHA:** Veña, señora. Déixeos pasar un momentinho, que Carmen Sevilla pode esperar. Ademais, ela é tan boa que estou segura de que non se lle enfada.

**AMELIA:** Está ben, Sancha, está ben. Non me rompas a cabeza. Vale, pero non vaian pensar que lles vou mercar algo.

**DONATA:** Nos non queremos nada señora, nos imos a traerlle unha mensaxe de amor.

**DONATO:** Unha mensaxe de amor!

**SANCHA:** Ai, señora! Hoxe é o seu día, primeiro a carta de Pedriño, e agora estes señores. Non será San Valentín!?

**AMELIA:** Por favor, non lées máis as cousas e deixa que se expliquen estes señores.

**DONATA:** Estamos regalando este libro, “Forza para vivir”.

**AMELIA:** Di que é gratis? Non sei, algún truco terá.

**SANCHA:** Ai, señora! Non sexa tan desconfiada, fíxese na cariña de boas persoas que teñen, e sobre todo el, fíxese.

**DONATO:** Forza para vivir!

**DONATA:** Axuda a mellorar a nosa relación con Deus.

**DONATO:** Forza para vivir!

**DONATA:** Axúdanos a amar a Deus.

**DONATO:** Forza para vivir!

**DONATA:** Axúdanos a amar aos homes.

**SANCHA:** Aii!! Eu quero un!! (*Quítalles das mans un dos libros e vai con el correndo ata a cociña, onde comeza a lelo con interese*)

**DONATA:** Deus é amor. Sen Deus o home queda só, e o peso da vida fáiselle insoportable porque.... (*Dubida un pouco*)... porque Deus é amor.

**DONATO:** Forza para vivir!

**DONATA:** Axúdanos a soportar o peso da vida.

**DONATO:** Si, si! A soportar o peso da vida!

**DONATA:** Con este libro, vostedes aprenderán a relacionarse con Deus e a súa vida será máis soportable. Con este libro, nos traémoslle unha mensaxe de amor, porque Deus é amor... e o amor axúdanos a vivir... por iso se chama:

**DONATO:** Forza para vivir!

**DONATA:** ...porque...

**AMELIA:** Ben, ben, creo que a explicación foi suficiente. Xa lles dixen que teño presa, teño que facer unha entrevista, e non podo perder máis tempo. Se lles parece danme o libro e marchó.

**DONATA:** Mil pesetas.

**AMELIA:** Como que mil pesetas.

**DONATO:** Si, si! Mil pesetas, mil pesetas.

**DONATA:** Con este libro, vostedes aprenderán a relacionarse con Deus, e a súa vida será máis soportable. Coas mil pesetas Deus aprenderá a relacionarse cos homes e a súa vida será máis soportable.

**SANCHA:** *(Que volveu ao salón durante o parlamento anterior. Quedou descontenta co libro, e o devolve).* Que morro teñen señora! Se o soubera non llos traía.

**AMELIA:** Hai un minuto dicían vostedes que era gratis, e agora resulta que custa mil pesetas. Xa o sabía eu.

**DONATO:** Si, si! Mil pesetas, mil pesetas!

**DONATA:** Deus é amor, o home so pode relacionarse con Deus a través da pobre materia para que a súa vida sexa mais soportable.

**DONATO:** Mil pesetas, mil pesetas.

**AMELIA:** Miren, xa lles dixen que eu non pensaba mercar nada.

**DONATA:** Nós non queremos nada, señora. Nós so lle trouxemos unha mensaxe de amor.

**DONATO:** Mil pesetas, mil pesetas.

**DONATA:** A súa relación con Deus so pode establecerse a través do sacrificio. A mellor demostración do seu amor por Deus está no seu desprendemento dos ben terrenais.

**SANCHA:** Señora, por mil pesetas eu asegúrolle un premio de cinco mil. Deixei a máquina a puntíño.

**AMELIA:** Non lées mais as cousas Sancha. Non penso soltar mil pesetas nin para a maquina nin para ningún libro. E vostedes fagan o favor de marcharse que estou moi ocupada. *(Dillo levándoos cara a porta)*

**DONATA:** Nos non queremos nada señora, non viñemos traerlle unha mensaxe de amor.

**DONATO:** Mil pesetas, mil pesetas

*(Estas ultimas frases dinas mentres van saíndo).*

*Quedan soas Amelia e Sancha no salón.*

**SANCHA:** Non perdeu nada, señora. Estiven repasando o libro ese na cociña e non servía para nada.

**AMELIA:** Non me facía falta darlle un repaso ao libro para saber que era un estafa, Sancha. Notábaselles moito, non eran profesionais.

**SANCHA:** E logo, vostede sabe moito de estafadores profesionais?

**AMELIA:** Fin do tema, déixate de preguntitiñas e ponte a traballar. A miña chaqueta está arrugada, fai o favor de pasarlle o ferro, que teño que marchar. Só me queda repasar as preguntas.

**SANCHA:** *(Sae cantando)* “Así planchaba, así, así... Así planchaba, así, así...”

*Amelia comeza a repasar as preguntas da entrevista, repasando os seus papeis e falando en voz alta, paseándose polo salón.*

*Soa o timbre*

**AMELIA:** *(Sen apartar a vista dos seus papeis.)* Sanchaaaaa!

**SANCHA:** *(Óese a súa voz ao lonxe)* Aaaahhh!!! Queimeime co ferro pola súa culpa señora! Non podo abrir! Accidente laboral!

**AMELIA:** Por Deus... *(Vai abrir a porta. É Pili.)* Ai non! Esquecinme de ti! Pili... Viñeches!

**PILI:** Home non, pois claro, por suposto, faltaba máis! Polo teléfono notei enseguida que necesitabas a miña axuda, así que aquí estou.

**AMELIA:** Díxenlle que non facía falta, de verdade...

**PILI:** Tes que ensaiar a entrevista para que a famosa non note o teu nerviosismo, e eu podo axudarte niso.

**AMELIA:** Facéndote pasar por famosa?

**PILI:** Pois claro. Xa sabes que fun a primeira en gañar a viaxe ó Caribe do Súper Martes. Iso deume táboas para saber tratar coa prensa. Veña, comezamos?

**AMELIA:** Sabe que? Teño una idea. Agarde un chisco. Sente, sente!

*Amelia vai buscar a Sancha, e aparece na cociña tirando dela. Conversan na cociña, mentres Pili agarda no salón.*

**SANCHA:** *(Queixándose dos tiróns de Amelia mentres entran na cociña)* Ai señora! Non sexa bruta, que teño unha queimadura de terceiro grao!

**AMELIA:** Sancha deixa o conto, que non tes nada. Mira, tes que entreter a Pili porque non se vai ir ata que acepte o que ela quere. Vas ensaiar a entrevista con ela. Ela fará da famosa e ti farás de min, vale?

**SANCHA:** Que? Eu con esa lurpia? Esa muller quere quitarme ao meu butaneiro, señora! *(Pensando no butaneiro, cambiando de ton.)* Que home, por Deus...

**AMELIA:** Sancha, dareiche o que queiras, pero faime ese favor... *(Desesperada, empeza a poñer excusas incoherentes. Pode ser improvisado).* Eu teño que facer unhas chamadas e... e non teño tempo, e... e vai ser moi rápido, creo que ata trouxo unhas preguntas escritas e todo...

**SANCHA:** Vale, vale. Non estou acostumada a vela suplicar, non sei que parece. Da vostede moita pena, señora, dígollo con sinceridade. A súa cara de amargada comeza a ser digna de aparecer nun dicionario... En fin... Entre a pena que me da, e que non me apetece unha merda pasar o ferro á súa chaqueta... acepto! Sempre quixen facerme pasar por periodista do Faro...

**AMELIA:** Sempre?... Bueno, pois déixote con ela. En canto marche, NON LLE ABRAS A PORTA A NINGUÉN MÁIS! Que eu sairei despois dela. Vou chamando ao taxi.

*(Sae Amelia)*

**SANCHA:** *(Antes de entrar no salón, respira profundamente)* Ufff... respira, Sancha... Disimula canto odias a esta asquerosa... *(Entra no salón cun gran sorriso).* Piliña!! Que alegría verte corazón!

**PILI:** Ai Sanchiña! O mesmo digo muller! Que ben se te ve! Encántame o teu kimono!  
(*Mirándoa de arriba a abaixo*)

**SANCHA:** Ti, que me miras con bos ollos. Pediume a señora que ensaie a entrevista con vostede, que a gravemos e logo ela vaina escoitando no taxi.

**PILI:** ... Ti facendo de periodista do Faro? (*Risa falsa*)

**SANCHA:** ... Ti facendo de diva famosa? (*Risa falsa*).

**PILI:** Ben, comecemos. Métete no papel.

*Ambas fan xestos ridículos coma se se estiveran preparando para interpretar un personaxe. A partir de agora, ambas interpretan os seus papeis.*

**SANCHA:** Sente, sente por favor. Quere tomar algo?

**PILI:** Non, grazas. É vostede moi amable.

**SANCHA:** Entón veu vostede para que lle fixese a entrevista.

**PILI:** Non sei, a min déronme este enderezo.

**SANCHA:** Claro que si. (*Colle os papeis e pasa un rato colocándoos.*) Ben, como se chama?

**PILI:** Carmen. (*Sancha toma nota*)

**SANCHA:** Data de nacemento



**PILI:** Vinte e catro de xaneiro de mil novecentos trinta e seis.

**SANCHA:** Número de documento nacional de identidade.

**PILI:** (*Saca o DNI*) Trinta e seis millóns catrocentos trinta e catro mil trescentos corenta e cinco.

**SANCHA:** Estado civil.

**PILI:** Casada.

**SANCHA:** Grupo sanguíneo.

**PILI:** A R H Positivo. Moi positivo.

**SANCHA:** Fillos

**PILI:** Si, dous. Non, non... teño tres... ou dous?... Ai, as matemáticas... Ou a xeografía?

**SANCHA:** Motivo da visita.

**PILI:** Non sei, a min déronme este enderezo.

**SANCHA:** (*Saíndo do personaxe*) Que non! Ten que dicir que está aquí para a entrevista, non se acorda?

**PILI:** Vale, vale. Repite.

**SANCHA:** Ben... motivo da visita a Vigo?

**PILI:** Estou moi contenta.

**SANCHA:** Si, claro, pero viu a Vigo a...?

**PILI:** Son todos tan simpáticos...

**SANCHA:** Pero que fai en Vigo?

**PILI:** Non sei, a min déronme este enderezo.

**SANCHA:** Ben, ben. E gústalle a cidade?

**PILI:** Adóroa! Ademais é tan boa a xente de Tenerife!

**SANCHA:** En que está traballando ultimamente?

**PILI:** Estou tan contenta!

**SANCHA:** Pero en que esta traballando!!!!????

**PILI:** É tan bonito!

**SANCHA:** A que se dedica?

**PILI:** Non sei, a min déronme este enderezo. *(Saca un papel eponse a ler.)* “Unha cunca de cola-cao á merenda axuda a repoñer enerxía”:

**SANCHA:** Por Deus!!!! Non podo traballar cunha diva descerebrada! Agora entendo por que a señora ten esa cara de amargada! Xa non quero facer máis de periodista, lárgateme de aquí Pili, xa fixeches dabondo!

*Sancha vai votando a Pilar da casa, mentres esta vai dicindo unha e outra vez “A min déronme este enderezo... a min déronme este enderezo...”*

*Cando por fin consegue votar a Pili, Sancha diríxese rosmando á cociña, pero antes de que chegue, soa o timbre. Cambia de humor rapidamente, e diríxese moi contenta á porta.*

**SANCHA:** Ai, unha nova visita, que sorte temos hoxe!

*Sancha abre a porta e aparecen María, Rosa e Xulia*

Pasen, pasen, xa verán que contenta se pon a señora.

**MARÍA:** Así que Amparo xa chegou.

**SANCHA:** Non, por que? Tamén vai vir ela?

**ROSA:** Si, pero tiña que facer un recado.

**XULIA:** Si, quería ir antes á perruquería para que se soubera que hoxe ía coñecer a Carmen Sevilla.

**ROSA:** Xulia, cálate por favor.

**SANCHA:** Pois que non se preocupe, se o conta na perruquería mañá xa se sabe. Fíxense, un día contei eu que a señora estaba liada co gordo do primeiro, e ó día seguinte xa o sabía todo o barrio, e iso que era mentira! Quería fastidiala un pouquiño porque non me dera un adiamento, e non saben ben canto o necesitab...

**AMELIA:** *(Entrando e interrompéndoa)* Vale Sancha, cala un pouco, que por hoxe creo que xa chega. Así que debo a honra da vosa visita a Carmen Sevilla, se non me equivoco.

**MARÍA:** Nin moito menos, que va. Xa hai tempo que tiñamos pensado visitarte, pero andamos tan ocupadas...

**XULIA:** É certo. Que se vas tomar un café coas amigas, á perruquería, ás rebaixas...

**ROSA:** Por Deus Xulia, xa está ben, por que non te calas dunha vez?!

**XULIA:** Pasas a vida dicíndome sempre o mesmo.

**SANCHA:** É certo, sempre lle está a rifar por todo o que di, igualiño que a señora comigo, nada que fago, xa está, bronca. Co traballadora que eu son!

**MARÍA:** Ben, non discutamos. Por que non sentamos tranquilamente a esperar por Amparo?

**AMELIA:** Sentar!? Pero que vos credes, que eu podo esperar co atraso que levo!?

**ROSA:** Amelia, non lle farás iso a túa nai! Non esperala! Que clase de filla serías! Portarte así con quen che deu a vida! Fillos! Tenos para isto!

**XULIA:** Acouga Rosa, estou segura de que Amelia non lle fai algo así á súa nai.

**SANCHA:** Que non? Apóstolle cinco mil pesetas a que é moi capaz de facerllo.

**AMELIA:** Pero é que non entendedes que tiña que estar alí hai xa unha hora!? E ti Sancha déixate de xoguiños e apostas, que xa todos sabemos como che vai co diñeiro.

**ROSA:** Mira Amelia, voume sentar, porque me vai dar algo. Fillos! Tenos para isto! Traédeme un vaso de auga que me da algo, que xa me deu! Non ser nin capaz de esperar á súa propia nai. Onde está ese vaso de auga!?

**AMELIA:** Sancha, vai a por auga á cociña, que á que de verdade lle vai dar algo é a min.

**ROSA:** (*Erguéndose*) Tampouco te poñas así. Por riba de tratar como tratas a túa nai, aínda te fas a vítima.

**XULIA:** Carai! A ver se agora nos morren as dúas!

**MARÍA:** Ti Xulia non sexas inxenua, e vos as dúas tranquilizádevos, que total a túa nai non pode tardar.

**ROSA:** Ademais nos facémolo por ti, para que non vaías soa a Peinador, non sabes ben a cantidade de perigos que hai hoxe en día polas rúas.

**XULIA:** É certo, están cheas de delincuentes, non podes ir por aí andando ti soa.

**AMELIA:** Pero pensades que vou ir andando ata Peinador? Tomádesme por estúpida!?

**SANCHA:** Polos delincuentes non se preocupen, ela tenlle moita experiencia con eles. Miren, hoxe mesmo chegou unha carta do cárcere dun tal Pedriño que fora o seu mozo, e chamábanlle “o sucursais”. E unha tarde, nun portal...

**AMELIA:** Sancha!!!! Para a cociña inmediatamente, e non aparezas por aquí no resto do día!!!!

*Sancha, un tanto impresionada polo enfado de Amelia, vai á cociña sen dicir nada.*

*Chaman ao timbre. As amigas da nai de Amelia e mais ela están sentadas e ninguén abre a porta. Os timbrados repítense varias veces.*

**AMELIA:** Sancha, non pensas abrir!?

**SANCHA:** Non podo saír da cociña. Síntoo, cumpro ordes e son moi obediente.

*Amelia, medio desquiciada, levántase e vai abrir ela mesma a porta. Aparece a nai.*

**AMELIA:** Por fin apareces! Ti cres que isto está ben? Ti por aí de paseo e eu esperándote aquí. Claro, como eu vivo do aire, podo estar todo o santo día esperando por ti.

**AMPARO:** Pero que che pasa filla, como estás tan enfadada? Que che fixeron?

**AMELIA:** O que me pasa é que estou ata as narices de todos vos, tédesme farta.

**XULIA:** É que seica chega con atraso á entrevista, e como ela sempre foi tan puntual, enfadouse porque ti aínda ves agora.

**AMPARO:** Xa lle explicáchedes que tiven que ir ao médico, non?

**ROSA:** Claro que si, que crees que lle puido explicar Xulia?

**AMPARO:** Á miña idade filla, xa sabes que todo son achaques. O peor de todo foi o da farmacia, non vexas que cola.

**AMELIA:** Xa, moita cola na farmacia, non mamá?

**ROSA:** Amparo espabila, que che dixeran?

**AMPARO:** E o Vitrasa, que desastre. Xa sabedes como son os de Vitrasa, fixédevos que cheguei á parada...

**MARÍA:** Ampariño, Xulia xa lle dixo o da perruquería.

**AMPARO:** *(Titubea un pouco)* Ah! Claro que si... Non sei como foi, pero onte facendo a cea, caeume aceite por toda a cabeza, e claro... que podía facer eu...

**AMELIA:** Basta mamá, non te rías máis de min!

**MARÍA:** Si se nos fixo tarde, o mellor é que non discutades e marchemos traballar a Peinador.

**XULIA:** Non creo que Amparo precise volver ao peinador. *(Rise do seu propio chiste)*

**ROSA:** Xulia, queres calar, que non calas!?

**AMELIA:** Mirade, facede o que vos de a gana, se queredes vir comigo adiante, dáme igual, pero eu marchó xa!

**AMPARO:** Ai filla! Eu primeiro teño que descansar un chisquiño. Estou que non me teño.

**AMELIA:** Vou facer algo, eu vou facer algo! *(Fai o xesto de votarlle as mans ó pescozo, arrepiñtese e marcha para a cociña)*. Sancha, e eu que non paro de meterme contigo... Xa ves.

**SANCHA:** Pois ben llo digo eu, se me fixera un pouquiño de caso.

**AMPARO:** *(Bota unha carreira ata a cociña)* É que non me deches tempo a que cho contara, pero cando subía polas escaleiras caín! Seguro que escordei un pe! *(Esta vez marcha para o salón coxeando)*.

E que, señora Pradolongo, está contenta a súa filla Claudinita coa voda?



**MARÍA:** Que se está contenta? Está feliz.

**AMPARO:** Onde foron?

**MARÍA:** Ben, el gañou unha viaxe ás illas Hawai e claro, iso animounos a decidirse...

**XULIA:** Onde está Hawai? Por Mondoñedo para arriba, non? Aí hai moita néboa sempre.

**ROSA:** Xulia, oíches algunha vez iso de que é mellor calar e parecer parva, que falar e demostralo?

**XULIA:** Non, quen o dixo? Un famoso?

**AMPARO:** Así que Hawai... Xusto pasamos por alí, o meu marido e eu, na nosa última viaxe ás Américas...(Mirando a Xulia) América, oíches Xulia? Non Mondoñedo. Aquilo é fabuloso. As mulleres só se poñen unha saia para saír á rúa.

**ROSA:** O país perfecto do meu marido!

**AMPARO:** Ui, pois é xente cocha en grao sumo! Nin se lavan todos os días, xa vedes.

**XULIA:** Teñen pinta de sucios. Á cubana de aquí á beira cántanlle os aleróns que dá medo! (Dubidando) Cuba está en América, non?

**ROSA:** Fixástesvos o luns na súa corda de tender?

**MARÍA:** Non, por que?

**ROSA:** Non había bragas!

**TODAS:** Non!

**AMPARO:** É para non dar crédito. Pero fixareime o vindeiro luns.

**XULIA:** Eu creo que cheiran mal!

**MARÍA:** Poida que tenda as bragas na casa, porque lle dá vergoña.

**AMPARO:** As americanas non saben o que é a vergoña. Basta con ver as súas películas. É pavoroso. Bícense en plena rúa, sen ningún pudor. De natural son así. Fixádevos na filla da cubana cando van buscala os seus chorvos... digo... os seus amigos. É indecente o que fai esa moza. Unha auténtica indecencia. (Insinuando) Por certo, Rosa... o outro día vin ao seu fillo Miguel...

**ROSA:** Espero que non fose con esa pendanga!

**AMPARO:** Pois si, precisamente.

**ROSA:** Non pode ser!

**MARÍA:** Si que pode ser, eu tamén os vin... Os cubanos son veciños meus... Estaban no balcón... Pensarán que estamos cegos.

**XULIA:** É verdade, eu tamén os vin. Dábanse o lote que...

**ROSA:** Éramos poucos e pariu a avoa! “Eu tamén os vin, eu tamén os vin”. Non tiña bastante cun porco na casa! Dígoo polo meu marido... Se ve a unha rapaza nova e loura na televisión... Vólvese tolo! Que porcos! Todos os Pereira son iguais, sempre queren máis, sempre queren máis...

**MARÍA:** Déixao Rosa, que necesidade tes de contar a túa vida privada diante de todas... Pois ben, volvendo á lúa de mel da miña filla...

*As catro señoras, no salón, seguen a cotillear. Amelia, medio derrotada, sentada na cociña a tomar un vaso de auga. Sancha tamén sentada con cara de ofendida. Neste momento entran por detrás do público dúas vendedoras, unha con polvoróns e outra con libros. Todas no escenario quédanse semiconxeladas durante a escena das vendedoras.*

## **ESCENA OITAVA E MEDIA**

## **AS VENDEDORAS**

**ALUMNA SO SANTA IRENE:** *(Dirixíndose a alguén do público).* Cómprame uns polvoróns para a viaxe de fin de curso?

**ALUMNA DO SANTO TOMÉ:** *(Dirixíndose tamén ao público).* Cómprame algún libro pa a viaxe de fin de curso?

*Repiten isto varias veces avanzando polos corredores laterais, ata encontrarse no medio do corredor situado fronte ao escenario. (Durante este intento de venta convén que todo o patio de butacas as escoite, xa que as escenas de arriba, as señoras cotilleando e Sancha e Amelia na cociña, están semiconxeladas).*

**SANTA IRENE:** Que estás a facer?

**SANTO TOMÉ:** Vendo libros pa` viaxe de fin de curso.

**SANTA IRENE:** Pero non ves que cheguei aquí. eu primeiro?

**SANTO TOMÉ:** E a min que? Eu vendo onde quero, este é un país libre.

**SANTA IRENE:** Deus, que ignorante. Iso dise nas películas americanas, e isto é teatro galego.

**SANTO TOMÉ:** Eu digo o que me peta, onde me peta, forasteira.

**SANTA IRENE:** Forasteira di! Non de que vas? Eu polos pasillos non te mirei nunca... e logo ti... de que instituto ves sendo?

**SANTO TOMÉ:** Do mellor: do Santo Tomé.

**SANTA IRENE:** Do mellor di, haha! Se é un horror de sitio! E tedes que facer ximnasia nese cuchitril

**SANTO TOMÉ:** E vos que? Moito reloxo, moitas campanadas de fin de ano, pero non tedes nin cafetería.

**SANTA IRENE:** *(Moi dolida)* Bua... Aí pasácheste... ti sabes o que é ter sede e non poder mercar auga? Ti sabes o que é pasar o rato en clase recordando o rico que estaban aqueles anacos de pizza?

**SANTO TOMÉ:** Vale... tes razón, paseime... Síntoo... Ademais non podeades nin usar o mover para olvidar a fame...

**SANTA IRENE:** Bueno, basta! A ver, que carallo dis que vendes?

**SANTO TOMÉ:** Libros.

**SANTA IRENE:** Libros? Libros de que?

**SANTO TOMÉ:** Pois libros de texto. Mate, bioloxía, inglés, física... E non polvoróns, vaia merda, con esta calor

**SANTA IRENE:** Vaia merda de que?! Se están boísimos, a maioría son de este ano. E co rolo do cambio climático agora pódense comer polvoróns en calquera época do ano, lista. Bueno, entón para que dis que vendes os libros de texto?

**SANTO TOMÉ:** Fágoo pola causa.

**SANTA IRENE:** Pero de que causa me falas?

**SANTO TOMÉ:** A viaxe!

**SANTA IRENE:** E para a viaxe vendes os teus libros de texto?

**SANTO TOMÉ:** Para a falta que me fan. Suspendo seguro. E os profes nin os usan.

**SANTA IRENE:** Pois a min os polvoróns tampouco che me fan ningunha falta. (*Pode sinalar unha boa barriga*).

**SANTO TOMÉ:** E vos onde pensades ir?

**SANTA IRENE:** A Londres. E os do curso da miña irmá van a Valencia. E vos?

**SANTO TOMÉ:** A Cangas, a chorar os suspensos. Que remedio.

**XULIA:** *(Que xunto coas outras estivo escoitando cara o final)* Pobriña! Vai chorar a Cangas! Pois eu voulle mercar un libro. *(Ás vendedoras)* De que son os libros, filliñas?

**SANTO TOMÉ:** Matemáticas, Física, Latín...

**XULIA:** A verdade é que non sabería cal escoller...

**ROSA:** Non tes nada de Christian Grey, para ela?

**SANTA IRENE:** Mellor, por que no me compra a min unha caixa de polvoróns?

**AMPARO:** Unha caixa de polvoróns! Iso víñame ben a min para ver se me recupero. *(Levántase e coxea ata a boca do escenario).*

**XULIA:** Ai! Pero estás coxa! Por iso viñas do médico e fuches á farmacia.

**ROSA:** Ti Xulia, cada día es máis parva. Cala a boca, que non calas!

**MARÍA:** Non discutades. Xulia non se dará conta de moitas cousas, pero xa ves que lle gusta ler.

**ROSA:** Que a Xulia lle gusta ler. Pero se non le nin as necrolóxicas! Sempre me está preguntando quen morreu!

**SANTO TOMÉ:** *(Á alumna do Santa Irene)* Ti deixa de roubarme á clientela.

**SANTA IRENE:** Mira quen dicía que estabamos nun país libre, ignorante, que vendes ata os libros.

**SANTO TOMÉ:** Serei ignorante e venderei os meus libros, pero o que non fago é dedicarme a tragar polvoróns. Barriguda. Jetas. Sinvergüenza!

*Vanse dando empurróns cara a porta, e Amelia, que xa se lograra recuperar, imítaas facendo o mesmo que o resto da xente cara a porta.*

**AMELIA:** Iso, iso, cotillas, sinvergonzas, jetas! *(Ó final consegue quedarse soa no salón, mentres que Sancha está escondida debaixo da mesa da cociña)*

*Por fin, Amelia séntase un momento, soa, respira profundamente e dispónse a coller uns papel para saír a traballar. Antes de saír, párase diante do reloxo para comprobar a hora, e intenta arranxalo. Entón escoita uns ruídos dentro do reloxo e asústase. Vai detrás do piano para coller un bate de béisbol e protexerse... Achégase ao reloxo co bate en alto, e entón sae Pedriño.*

**PEDRIÑO:** Quieta tia, quieta! Non dispaes, que son eu!

**AMELIA:** (Aínda co bate en alto, quedou en shock) Pedro... es ti?

**PEDRIÑO:** Si, Mel... Son eu.

**AMELIA:** (Reacciona intentando golpealo co bate) Que coño fas aquí!? Quen che deixou entrar? Canto tempo levas aí metido? Como te atreves a volver despois do que me fixeches!?

**PEDRIÑO:** Despois do que che fixen!? Despois do que che fixen!!!??? Pero Mel, se fun ó cárcere por ti!! Aquel ataque fora idea tua, tia, eu sabía que era moi arriscado, pero non me quixeches facer caso. E non quería que te colleran, ti tiñas un futuro no Faro de Vigo... Eu non tiña nada... Así que cando me pillaron, dixen que todo fora idea miña... E despois diso, estas enfadada comigo!??

**AMELIA:** Non me preguntaches que era o que eu quería! Levo anos coa conciencia cargada de culpa por aquilo... e ademais... **NON TE DESPEDICHES DE MIN!!**



**PEDRIÑO:** Porque non me deixaron, joder!!! Mel... Veña... Non teño moito tempo, xa sabes por que estou aquí... *(Ponse de xeonllos)* Amelia María Valverde de la Olla... co mesmo anel que che ofrecín antes de que me meteran no trullo, pregúntoche... queres casar comigo?

*AMELIA non contesta, quédase en branco, mirando fixamente o anel e a Pedriño. Enton, comezan a escoitarse as sireas duns coches de policía.*

**PEDRIÑO:** Merda... parece que xa notaron a miña ausencia... Deixei un peluche dun oso na cama da miña cela, pensei que tardarían máis en darse conta de que non era eu... Mel, tes que responderme... Ou me marcho contigo ou sen ti, pero teño que pirarme, tia... Que me dis? Deixas a vida aburrida de periodista por volver a vivir aventuras de película comigo, nena?

*Amelia, despois duns segundos, sorrí. Tamén sorrí Pedriño.*

*Oscuro...*

*...e fin.*

## LEMBRANZAS DO PINTOR ANDRÉS VILA

Xosé Cid Cabido

**Texto lido no Café de Catro a Catro, no acto de homenaxe póstuma a Andrés Álvarez Vila (1958-2016),**

Se busco cara atrás a primeira imaxe na memoria de Andrés, véxome nun recanto dos baixos do instituto de Coia 2, célebre polas súas asembleas e folgas antifascistas, anos despois nomeado como Instituto Alexandre Bóveda. Sería alá polo curso 1973-74. Pero cómpre dicir que, en realidade, naquel tempo o instituto de Coia era o Santa Irene en funcións, que fora trasladado a Coia por unhas obras de reforma.

Tivemos o privilexio de contar entre o profesorado con persoas progresistas e comprometidas como Leónides de Carlos, as irmás Rosa e Marilís Villamarín, Antonio Caamaño, Sanseveriano Cajide, Rufo Pérez, Maite Caramés ou Méndez Ferrín, cos seus vaqueiros a medio caer e unha imaxe de cercanía que contrastaba coa dos profesores acomodaticios ou defensores do réxime naquela altura.

Foi nese contexto tan propicio como Andrés e mais eu nos imos facendo amigos, quizais por instinto de afinidades. E esa primeira imaxe que lembro é a dun rapazolo moi tímido e delgado... e fumando, eu diría que fumando xa con quince anos. Enseguida nos identificamos por trazos comúns, coma o feito de pertencer ámbolos dous a familias obreiras, que vivían preto das Travesas, familias nas que os pais falaban galego, eles de Zamáns e Sampaio de Navia e nós un galego con marcado acento da Limia.

Andrés Vila foi sempre un ghicho antisistema. Nunca quixo saber nada do plan deseñado prá xente da nosa xeración e anteriores: facer o bacharelato, procurar un traballo decente e estable, formar unha familia convencional e cumprir coas obrigas previstas no ideario da España rancia e clasista que nós acordamos.

Mantívose con teimosía sempre á marxe de todo ese esquema vital. Un primeiro síntoma é que, como xa se dixo, de moi novo entrou a militar no FRAP, da man de Pablo Crespo, e así comezou a súa formación no pensamento de esquerdas. Compromiso que xamais abandonaría, a través da Asemblea Republicana, e que tamén se concretou no seu apoio á causa da esquerda nacionalista en múltiples ocasións.

A finais dos setenta desviámonos un chisco. El pasou unha tempada en Madrid tentando sobrevivir nos medios difíciles da pintura comercial. Un episodio que relata no seu libro «Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy».

Cando volvemos atoparnos, aquí nas Travesas, e frecuentando precisamente este café, Andrés xa viña compaxinando a súa actividade como pintor de vocación coa de actor, colaborando con compañías como Artello ou Máscara 17.

1 Por aquí andaba xa Carlos Barros, pola parte da pintura. Eles dous compartían algúns proxectos e de feito tiveron unha especie de taller preto da Florida, onde ás veces desaparecían os ángulos rectos por acumulación de materiais que recollía Carlos na rúa. Xa estaban aí amigos coma o pintor Fernando Morales e a ceramista Rosa Mozo, enfrascados daquela nas montaxes teatrais de Máscara 17, co Indio e mais con Gero.

E por aquí andaban tamén, por suposto, Morris, Manuel Pombal, Rosa Hurtado, Santi Montenegro, Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Xosé Lois González, e tamén Luis Carro, Rafa Feijó, Nati, Alberto Rufo e moitos outros, as nosas amizades de barrio de toda a vida. Con algúns dos primeiros traballara, substituíndo a Alfonso Agra, na «Cantante calva» de Ionesco, unha obra, e as andanzas colaterais coa xente de Artello, que el lembraba sempre con moito cariño e mesmo nostalxia.

Eran os anos da movida, e das continuas noites de troula. Daquela viámonos moitas veces á tardiña en calquera das múltiples exposicións, no contexto da eclosión pictórica que supuxo a emerxencia do grupo Atlántica, pra logo conectar cos ambientes da noite. Había folgos abondos, o corpo tiña resistencia pra soportar todos os excesos. O cal nos leva directamente ás cousas míticas de Andrés Vila.

Mítico en Andrés era a súa tendencia a perderse, no mellor sentido da palabra. E esa era unha marca inconfundible da súa liberdade persoal. Aparecía onde se supuña que podías atopalo, ou non aparecía. Dependendo de por onde o levaran as rutas de enganche con calquera amigo ou coñecido. Logo, se lle preguntabas onde se metera, iniciaba unhas moi amenas explicacións, que adoitaban empezar cun: Noooooon, é que tiña pensado ir por alí... Pe que me liei.

Outra característica mítica do noso Andrés era que coñecía a medio Vigo. E a todo o mundo lle caía ben. Podíache dicir quen era alguén, polo nome, ás veces con apelidos, e relacionábao cunha familia, ou tenda ou comercio. E se ti te movías con Andrés a calquera parte de Galicia, na primeira tasca ou pub, ou entre o público dun acto cultural, sempre aparecía alguén que o saudaba efusivamente.

Esa memoria das persoas e das súas circunstancias explica tamén outra das súas habilidades: ser un conversador divertido e case me atrevería a dicir que un auténtico psicólogo, por intuición e porque sabía escoitar a todo o mundo. Foi con mérito e sen respaldo oficial, un valioso psicólogo de barrio, e o seu trato era apreciado por persoas de moi variado perfil: mariñeiros, albaneis, barrendeiros, xubilados, camareiras, electricistas.

Como persoa descolgada de toda estrutura ou xerarquía, salvo momentos excepcionais, Andrés estaba dispoñible pra embarcarse nas aventuras máis peregrinas, nunca mellor dito.

Nunha ocasión estábamos no bar de Rogelio, aí en Castrelos por fronte ao Pavillón de Deportes, eran as tres da mañá e dixemos: «E se imos a París?» Rematamos a partida de billar e decidimos pasar pola súa casa, en Balaídos, a recoller algúns cadros, por se podíamos vendelos ao chegar a Francia. Iamos nun vello Renault-8, e á altura de Chapela, chovía de carallo, de bí2an ser as cinco da mañá, vemos un rapaz facendo dedo e parámoslle. O rapazolo escapara da casa, e pretendía chegar a Barcelona. Non pasamos de Oviedo, alí quedamos sen gasolina e sen cartos. Tivemos que vivir no coche durante case unha semana, comendo bolos de pan con fuagrás, ata que nos chegou un rescate por vía postal que nos enviou Marga Crieiro.

Anos despois argallamos unha segunda viaxe a París en bicicleta. Daquela logramos penetrar en territorio francés varios quilómetros. Ao chegar a Baiona intentamos vender as bicicletas sen éxito. Así que cambiamos de plan, fixemos a pedal toda a costa de Gipúzcoa en dirección contraria e finalmente collemos o tren en Bilbao pra regresar a Vigo. Chegamos, esa é a verdade, bastante delgados pero moi fortalecidos.

Son consciente de que estas aventuras non eran nada en comparación coas vivencias en compañía das amigas e amigos do teatro, e das que el adoitaba falar con especial entusiasmo.

Un comportamento moi característico en Andrés é o que poderíamos definir como Síndrome de Oblómov. Sendo unha persoa tan sociable, tiña curiosos cambios de ritmo: deixaba de saír á rúa, encerrábase no seu cuarto durante semanas e lía con total entrega por exemplo a Iván Gonchárov ou a Gógol e en xeral a todos os autores rusos emblemáticos do XIX. Ás veces dicía que estaba aprendendo ruso e cada certo tempo repasaba os contos de Chéjov. Cando lle daba ese punto, convertíase nun lector con dedicacións exclusiva, cousa que eu lle envexaba abertamente.

Era observador, amigo de saber e, de xeito informal e improvisado, un transmisor cultural impagable. Lembro como naquel tempo contaba anécdotas desas vidas ás veces duras ou tormentosas de pintores que chegarían a ser cotizados máis alá de toda obscenidade. Así sobre Gauguin, Modigliani, Toulouse-Lautrec, Munch, Mondrian ou Pollock.

Recordo tamén conversas engaiolantes sobre pintura nos anos noventa entre Andrés e Amelia Martínez. Conversas que podían ir dende Goya ata Kokochscka, pasando por Andrea del Sarto, Utrillo ou Suzanne Valadon, sen relación nin orde, seguindo o fío sinuoso da memoria e os gustos de cada un, e isto adoitaba suceder, poño por caso, na tasca Abrente ou no pub Ardora, de César e Teo.

Andrés tivera nos inicios unha etapa abstracta, pero a comezos dos oitenta déixase cativar pola tendencia do neoexpresionismo alemán, ao tempo que descobre ao valenciano Mompó, e como consecuencia oriéntase cara a unha moi particular e inconfundible forma de pintura figurativa, do cal dan proba a maioría dos cadros que hoxe coñecemos.

Andrés Vila non quería saber nada de institucións nin subvencións. Xamais se autoimpuxo unha disciplina de traballo nin contemplou a pintura como un medio de vida. Pintaba cando lle petaba. E neses casos, se che coincidía ir tomar un viño con el no mesmo día, contaba como en momentos de euforia, se lle faltaba unha cor e estaba en pleno ataque sobre un cadro, botaba man de calquera cousa, por exemplo deterxente ou tinta de lura por falta de negro. Andrés, como facía Van Gogh, podía falar extensamente sobre o valor dunha cor en concreto.

3Aínda que pra o meu entender era en esencia pintor, cousa que el discutía, sentíase tamén moi atraído polo mundo do teatro. E se por esa vía non desenvolveu unha carreira nun sentido profesional, si tivo tempo e enerxía pra traballar como profesor, entre 1990 e o 2001, precisamente no Santa Irene –a proposta de Sara Cid Cabido, Departamento de Galego–, onde dirixiu as montaxes teatrais do 17 de Maio adaptando, por exemplo, obras de Ghelderode, Boris Vian, Aristófanes, Goldoni, Chéjov, Darío Fo, Blanco Amor ou Murado, e sempre con éxito e unha resposta magnífica por parte do público, alumnos e profesores do que fora o seu instituto na adolescencia.

A comezos dos noventa, propuxérame eu facer unha obra de teatro. Logo de esbozar algúns textos, falei con Andrés e acordamos poñernos á faena. Despois de non poucas cafeteiras, rematamos a peza Copenhague, que recibiría o premio Álvaro Cunqueiro no ano 1992. Esa obra sería dirixida polo gran mestre Manuel Lourenzo, e interpretada brillantemente por Ibán Toxeiro e Xesús Balboa. Recordo moi ben o día que fomos á Coruña, e nun faiado fixeron pra nós un ensaio completo da obra. Foi unha moi grata experiencia ver un texto noso cobrando vida en voces, acenos e movementos.

Pouco despois, en 1995, animárase a contar as súas andanzas de mocidade por Madrid, nos tempos da pintura comercial. Daquela eu estaba a punto de por en marcha a colección Ferros en Edicións Xerais. Andrés entregoume o seu orixinal e debo dicir que quedei pasmado. Estaba todo escrito en maiúsculas, cunha letra por veces inintelixible, ou sexa, con letra de pintor. O seu libro, con título tomado dun cadro de Raul Duffi, sería o número un da colección, que se presentou en Sargadelos ao tempo que se inauguraba unha espléndida exposición das últimas obras de Andrés. Eran os bos tempos, penso agora.

A maiores de cando se leva dito, e do que deixamos no tinteiro, hai dúas virtudes que valorei sempre en Andrés, e que aprezaría aínda que el non fose tan divertido nin tan creativo como era: a súa alta intelixencia e a súa honestidade. Pra quen o coñeceu e o tratou, abundan probas. El era ademais unha persoa leal, comprensiva, fiable, íntegra. Por todo isto, botaremos moito, moito de menos a Andrés Vila. Un ghicho senlleiro das Travesas. Un bo amigo. Un gran amigo.

4 de marzo de 2016